



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ensinanzas
especiais e adultos



ensinanzas
de artes plásticas
e deseño

PREGUNTAS MÁIS COMÚNS SOBRE AS ENSINANZAS DE ARTES PLÁSTICAS DE RÉXIME ESPECIAL E OS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO E DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAI

PREGUNTA	RESPOSTA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que son os estudos superiores de artes? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Son ensinanzas superiores equivalentes para todos os efectos ao grao universitario. No ámbito das artes plásticas en Galicia impártense, por unha banda os estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais, coas especialidades de Bens arqueolóxicos, Bens escultóricos e Bens pictóricos, e por outra banda os estudos superiores de deseño coas especialidades de Gráfico, Interiores, Moda e Produto. Estes estudos estrutúranse en catro anos académicos, incluíndo as Prácticas externas e o Traballo de fin de estudos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se accede aos estudos superiores? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Para os/ as aspirantes que reúnan os requisitos de titulación, o acceso esixe a superación dunha proba específica, coa seguinte estrutura: Proba de acceso: parte específica de carácter práctico dos estudos aos que se está a acceder, e parte común de carácter teórico referida ao nivel de estudos precedente ao que se accede. - Para os estudos de conservación e restauración de bens culturais esta proba está formada polas materias de Historia de España, Física e química, Historia da arte e bioloxía, entre as cales o/ a alumno/a terá que escoller dúas materias.

PREGUNTA	RESPOSTA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hai accesos directos ás ensinanzas profesionais de artes plásticas de réxime especial? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Para as ensinanzas profesionais de artes plásticas: <ul style="list-style-type: none"> - Se tes o título de Técnico ou Técnico Superior de Artes Plásticas nun ciclo formativo da mesma familia profesional artística ca do ciclo de grao medio ou de grao superior respectivamente ao que queres acceder, non é necesario superar as probas específicas de acceso xa que estes títulos capacítanche para cursar estas ensinanzas sen necesidade de superar a proba específica de acceso, a expensas das prazas reservadas para este colectivo. - Se tes o título de Bacharelato na modalidade e artes ou ben o de técnico superior de artes plásticas nun ciclo formativo da mesma familia profesional artística ca do ciclo superior ao que queres acceder, non é necesario superar as probas de acceso xa que estes títulos capacítanche para cursar estas ensinanzas sen necesidade de superar a proba específica de acceso. ▪ Para estudos superiores: <ul style="list-style-type: none"> - Se tes o título de Técnico Superior de Artes Plásticas nun ciclo formativo, non é necesario superar as probas específicas de acceso aos estudos superiores tanto de deseño como de conservación e restauración de bens culturais, xa que estes títulos capacítanche para cursar estas ensinanzas sen necesidade de superar a dita proba de acceso.

PREGUNTA	RESPOSTA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Podo acceder ás ensinanzas de artes plásticas tanto profesionais como superiores se non teño os requisitos académicos? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Se non posúes o título de Educación Secundaria para acceder ás ensinanzas profesionais de grao medio, ou o título de bacharelato para acceder ás ensinanzas profesionais de grao superior, e tes cumpridos os 17 anos no primeiro caso ou os 19 no segundo, poderás acceder a través dunha proba de madureza na que serán avaliados os coñecementos teóricos do nivel precedente así como os coñecementos da parte específica de carácter práctico. ▪ Se non posúes o título de Bacharelato, ou declarado equivalente para estes efectos, para acceder aos estudos superiores de deseño ou aos estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais, e tes cumpridos os 19 anos poderás realizar unha proba de madureza, previa á proba específica de acceso a estas ensinanzas na que se demostre que o alumnado ten acadado os coñecementos que se requiren para cursar estas ensinanzas. Esta versará sobre as seguintes materias comúns do bacharelato: Lingua estranxeira (Inglés ou Francés), Lingua castelá e Literatura, Lingua galega e Literatura, Filosofía e Cidadanía ou Historia da filosofía, e Historia de España ou Ciencias para o mundo contemporáneo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ¿Como se organizan as distintas especialidades das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño organízanse en familias ás que poden pertencer tanto os ciclos formativos de grao medio como superior organizados en dous anos académicos, estruturados en módulos pertencentes a diferentes áreas de coñecementos de carácter teórico, teórico – práctico e práctico en función dos diferentes campos profesionais.

PREGUNTA	RESPOSTA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ¿Como se organizan as distintas especialidades dos estudos superiores? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais teñen unha duración de catro anos académicos organizados nas especialidades de: Bens arqueolóxicos, Bens escultóricos e Bens pictóricos, que inclúen as Prácticas externas e o Traballo de fin de estudos. ▪ Os estudos superiores de deseño teñen unha duración de catro anos académicos organizados en especialidades de: Gráfico, Interiores, Moda e Produto, que inclúen as Prácticas externas e o Traballo de fin de estudos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ¿Cando se realiza a inscrición para estas ensinanzas? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Para acceder tanto ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño como aos estudos superiores de deseño ou aos estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais, é necesario realizar unha inscrición tanto se o acceso é mediante proba de madurez máis específica, proba específica, como por acceso directo. Os prazos de inscrición ábreanse a finais do mes de xuño e prólonganse ata case todo o mes de xuño de acordo coa convocatoria publicada anualmente para cada unha destas ensinanzas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ¿Cando se realizan as probas para estas ensinanzas? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Na convocatoria de cada unha destas ensinanzas aparecen publicadas as datas das diferentes probas. As probas de madurez ou ben aquela parte da proba que avalía os coñecementos do nivel precedente realízanse en primeiro lugar no calendario que se establece e as probas ou parte das probas específicas realízanse ao final do procedemento regulado no dito calendario.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ¿Cando se realiza a matrícula para estas ensinanzas? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aínda que se realice a inscrición para as probas, unha vez completado e superado o proceso de acceso é necesario formalizar a matrícula nas datas que recolle a convocatoria.

PREGUNTA	RESPOSTA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Se non me matriculo no ano que realizo o acceso, ¿podo matricularme en anos posteriores? 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A superación da proba de madureza de acceso ás ensinanzas artísticas superiores (Arte dramática, Conservación e restauración de bens culturais, Deseño e Música) ten validez indefinida en todo o territorio nacional e, polo tanto, serve para posteriores convocatorias. ▪ A superación da proba específica de acceso ás ensinanzas artísticas superiores (Arte dramática, Conservación e restauración de bens culturais, Deseño e Música) faculta, unicamente, para matricularse no ano académico para o que foran convocadas. ▪ A superación da proba de madureza para o acceso aos ciclos formativos de grao medio ou superior das ensinanzas artísticas profesionais, ten validez por tempo indefinido e en todo o territorio nacional. ▪ A superación da proba específica de acceso aos ciclos formativos de grao medio e superior das ensinanzas artísticas profesionais, terá validez mentres non cambie o currículo establecido para o ciclo formativo ao que se pretende acceder, todo isto sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas, e tendo en conta que na nosa comunidade autónoma sempre terá preferencia o alumnado que realizase o acceso na nosa comunidade autónoma e no mesmo ano que fai a solicitude de matrícula.